

Amigos da Ópera da Coruña celebra o 150 aniversario de *Carmen* coa produción de Calixto Bieito

- *A LXXIII Temporada Lírica comeza o 5 de setembro e alóngase ata o 5 de decembro con preto dunha trintena de actividades*
- *A ópera de Bizet no Palacio da Ópera será o primeiro grande evento desta edición con funcións o 5 e 7 de setembro*
- *“La finta semplice”, estará no Teatro Colón os días 26 e 28, con produción propia de Amigos da Ópera*
- *O soprano Samuel Mariño será o protagonista da gala desta temporada, o 24 de novembro, que promete ser unha performance artística para a lembranza*
- *A clausura será coa estrea na Coruña da única ópera composta por Debussy: “Pelléas et Mélisande”*
- *A programación complétase con actividades didácticas coas que os e as escolares se achegarán á lírica, recitais, proxeccións de ópera e cinema, curso de interpretación vocal e conferencias*

A Coruña, 29 de maio de 2025.- “A LXXIII Temporada Lírica de Amigos da Ópera da Coruña celebra nesta edición o 150 aniversario da estrea de *Carmen*. Farao cunha produción espectacular asinada por Calixto Bieito que se ha de ver no Palacio da Ópera os días 5 e 7 de setembro”, anunciou a presidenta da Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, Natalia Lamas, durante o acto de presentación da nova programación.

“Un ano máis traballamos para que a cidade sexa un espazo de referencia cultural. Realizamos unha grande aposta cunha programación que supón un novo reto organizativo e económico no que encaixamos os limitados recursos que temos coa maior calidade artística. Isto é todo un reto pero sabemos que esta programación acadará o aplauso dos asociados e mais do público en xeral de todas as idades”, engadiu. Ao mesmo tempo lembrou que a 73 edición realizase grazas ao apoio prestado por Xunta de Galicia, Concello da Coruña, Deputación da Coruña, INAEM, Fundación Emalcsa e Consorcio para a Promoción de la Música. Así como co respaldo de Afundación e de distintas empresas que colaboran coa Asociación no desenvolvemento das nosas actividades paralelas.

No acto, que tivo lugar no Teatro Colón, participaron o director artístico da Asociación, Aquiles Machado; o concelleiro de Cultura do Concello da Coruña, Gonzalo Castro; o director do AGADIC, en representación da Xunta, Jacobo Sutil e a deputada Avia Veira, da Deputación da Coruña. No acto tamén estivo presente a directora da Fundación Emalcsa, Bettina Koolhas.



Amigos de la **Ópera**
de A Coruña

Machado debullou a programación completa, que dará comezo o 4 de setembro coa conferencia ao redor de *Carmen* a cargo de Irene de Juan Bernabéu e que rematará o 5 de decembro coa estrea na cidade herculina de *Pelléas et Mélisande*, de Debussy.

Carmen

A primeira gran cita será o 5 de setembro coa representación de *Carmen*, no ano no que a ópera de Bizet cumpre 150 anos da súa primeira posta en escena. Para celebrar este aniversario A Coruña farao coa produción do Gran Teatro do Liceu e dirección escénica de Calixto Bieito, que chega á cidade herculina logo de triunfar en grandes teatros internacionais. A cita tamén é o regreso deste título á temporada coruñesa tras 19 anos. Ao mesmo tempo é o retorno dunha produción do recoñecido director de escena A Coruña, cuxo último traballo con Amigos da Ópera foi hai 23 anos.

Carmen representarase os días 5 e 7 de setembro no Palacio da Ópera. Esta montaxe reunirá sobre o escenario preto de 100 artistas que se sumarán aos integrantes da Orquestra Sinfónica de Galicia baixo a dirección musical de Gianluca Martinenghi nun extraordinario espectáculo para o gozo final do público.

En total participarán máis de 200 profesionais, cun elenco encabezado por Sofija Petrovic como Carmen; Brian Michael Moore converterase en Don José, Jean- Fernand Setti será Escamillo e María José Moreno volve á temporada coruñesa nesta ocasión como Micaëla.

O reparto completarase con Susana García como Frasquita; Irene Zas como Mercedes; Jacobo Rubianes no rol de Zuñiga e Pedro Martínez Tapia como Morales. Le Dancaire será Gabriel Alonso e Eduardo Pomares Sainz converterase en Le Remendado. Xunto a eles os coros Gaos e Cantabile, baixo as direccións de Fernando Briones e Pablo Carballido respectivamente complementarán as voces dos solistas.

La finta semplice

O mes de setembro continuará coa conferencia previa á ópera de Mozart *La finta semplice*, que se poderá desfrutar os días 26 e 28 de setembro no Teatro Colón, cunha produción propia de Amigos da Ópera e asinada por Gianmaria Aliverta.

Giuseppe Sabbatini regresa á Temporada Lírica da Coruña para se facer cargo da dirección musical da Orquestra Sinfónica de Galicia. Anthony Web daralle vida a Polidoro; Christian Pursell será Cassandro e Marina Zyatkova será Ninetta. Diana Alexe converterase en Rosina e Angela Schisano encarnará a Giacinta. Caio Durán realizará o rol de Fracasso e David Cervera o de Simone.

O xoves 25 de setembro a sala de prensa de Afundación acollerá a conferencia previa relativa a esta ópera, que estará a cargo de Julián Jesús Pérez.

Aposta didáctica

Un ano máis a Asociación volve apostar pola faceta máis didáctica coa que se traballa para lles transmitir a maxia da ópera aos e ás escolares da Coruña e da súa área de influencia. Nesta edición organizáronse dúas sesións dobres, que se realizaran os días 21 e 22 de



Amigos de la **Ópera**
de A Coruña

outubro, onde participaran máis de 1.000 escolares nas xornadas de *Ópera para nenos*, no Auditorio Sede Afundación.

Previamente realizárase un traballo conxunto nos centros educativos participantes, a través dos informes, o que facilitará unha maior aproximación á ópera.

O traballo formativo tamén volverá a contar co curso de interpretación vocal. Así, do 29 de setembro ao 3 de outubro, realizarase unha nova edición desta cita, que por segundo ano correrá a cargo do barítono Carlos Álvarez. O prazo de inscrición comezará o 30 de xuño, cuxo proceso de participación se dará a coñecer nos vindeiros días. Os artistas seleccionados non só terán a oportunidade de recibir clases maxistras do mestre Álvarez, senón que ademais compartirá con eles as súas experiencias vitais e profesionais. O curso rematará coa celebración dun concerto gratuíto, o 4 de outubro no Museo de Belas Artes.

O mes completárase coa realización dos concertos gratuítos do ciclo de lírica inclusiva. O primeiro será o día 10 coa actuación de Rocío Muñoz, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos (18 horas). O venres 17 a sede da ONCE acollerá o recital de Alexandra Zanfira (19 horas) e o 24 pecharase coa participación de Marcelo Solís no centro cívico de Monte Alto. En todos eles estarán acompañados ao piano polo coruñés Gabriel López.

Ao longo do mes de novembro a temporada continuará con proxeccións de cine que terán lugar na Filmoteca de Galicia. Nesta edición os afeccionados poderán gozar coas proxeccións de *In the mood for love*, de Wong Kar-Wai, *Annette*, de Leos Carax e *Carmen*, de Francesco Rosi.

Así mesmo en Afundación proxectaranse as óperas *Les Pêcheurs de perles*, de Georges Bizet; *Die Fledermaus*, de Johann Strauss e o recital de Dietrich Fischer Dieskau acompañado ao piano por Christoph Eschenbach.


Gala 2025: distinta, inclusiva e innovadora

A temporada lírica 2025 contará cunha gala que terá lugar o 24 de novembro no Teatro Colón e que estará protagonizada polo cantante venezolano, Samuel Mariño, acompañado ao piano por Jonathan Ware. O soprano chega por primeira vez a Galicia e “ofrecerá un fantástico repertorio camerístico que estamos seguros de que ha de acadar o aplauso do público”, asegurou Aquiles Machado.

Na Coruña teremos a oportunidade de desfrutar non soamente da súa voz, senón tamén dunha posta en escena distinta, innovadora e aplaudida alá por onde pasa, destacou o director artístico da programación coruñesa.

Clausura con *Pélleas et Mélisande*

A LXXIII edición será clausurada o 5 de decembro coa obra *Pélleas et Mélisande*, no Teatro Colón da Coruña. Esta será a première da única ópera composta por Claude Debussy na cidade herculina nunha cita que contará co principal director convidado da Asociación de Amigos da Ópera, José Miguel Pérez Sierra, o cal se volverá a poñer á fronte da Orquestra Sinfónica de Galicia.

COLABORADORES:  XUNTA DE GALICIA  Deputación da Coruña  Concello da Coruña  FUNDACIÓN emalcsa  XUNTA DE GALICIA  XUNTA DE GALICIA  inaem



Amigos de la **Ópera**
de A Coruña

Sobre o escenario uniranse as voces de Sabrina Gárdez, Edward Nelson, Yakov Strizhak, Igor Durlovski, Mónica Redondo, Belén Vaquero e Javier Agudo. Xunto a eles a sección masculina do Coro Gaos dirixidos por Fernando Briones.

“Serán máis de tres meses, con máis dunha vintena de actividades para todos os públicos, que poñen de manifesto o traballo desenvolvido desde a Asociación para o gozo de miles de persoas nunha actividade que lles dá unha resposta cultural tanto a residentes da Coruña como ao numeroso público que se despraza desde outros puntos da xeografía galega e nacional para desfrutar dunha proposta lírica de primeiro nivel na Coruña” concluíu Aquiles Machado no acto de presentación.

As entradas e abonos para os asociados de Amigos da Ópera poderán retirarse entre o 12 e o 18 de xuño nas oficinas da entidade, e a venda para o público en xeral comezará o 20 de xuño a través de ataquilla.com e no punto de venda da Praza de Ourense.

Pode consultar o programa completo da LXXIII Temporada Lírica [aquí](#).